



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Carral

Aprobación definitiva da modificación das Bases de Execución 36 do Orzamento municipal actualmente vixente.

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Carral, en sesión ordinaria realizada o día 30 de novembro de 2023, aprobou inicialmente a modificación da:

- Base de Execución 36 do Orzamento municipal actualmente vixente.

O acordó de aprobación inicial foi publicado no BOP da Coruña nº 234, do 11 de decembro de 2023.

Rematado o período de exposición pública sen que fose presentada ningunha alegación contra o expediente, e en cumprimento do disposto no 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como do referido acordó plenario, o acordó de modificación enténdese aprobado definitivamente, quedando redactada a Base de Execución 36 do Orzamento actualmente vixente, conforme Decreto de prórroga nº 642/2023 do 29 de decembro de 2023, quedando como segue:

“Base 36ª. Dos Contratos menores.

Os contratos menores defínense pola súa contía e duración de conformidade cos artigos 29 e 118 da Lei 98/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE E 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014.

Terán a consideración de contratos menores:

- .- Contratos de obras de valor estimado inferior a 40.000€
- .- Contratos de subministro ou servizos de valor estimado inferior a 15.000,00€.

A execución de gastos mediante contrato menor respectará en todo caso os límites máximos, cuantitativos e cualitativos, establecidos na lexislación vixente .

De conformidade co artigo 29.8 LCSP, os contratos menores non poderán ter unha duración superior a un ano, nin ser obxecto de prórroga, salvo a excepción, en canto á duración, sinalada no art. 29.7 da LCSP para



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

os contratos de servizos complementarios dun contrato menor de obras.

Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá que se acredite o establecido na LCSP , regulándose a seguinte tramitación :

36.1.- Procedemento de adxudicación.

Os contratos menores adxudicaranse a calquera empresario con capacidade de obrar, solvencia e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación contractual, de conformidade cos artigos 131.3 LCSP . Isto implica a acreditación por terceiros de se é persoa física ou xurídica, de ser persoa xurídica a prestación do contrato debe atoparse dentro dos seus fins, obxecto ou ámbito de actividade, non esta´ra incurso en causa de prohibición para contratar, e contarán coa habilitación profesional necesaria .

Nos contratos menores de obras que superen os 5.000 € iva excluído, nos de servizos e subministracións que superen o 3.000€ IVE excluído, salvo que só poidan ser prestados por un único empresario, necesitarase consultar, sempre que sexa posible, polo menos a tres empresas que poidan executar o contrato ou, alternativamente, efectuar licitación pública no perfil de contratante do Concello .

Nos contratos de obras de máis ou menos 5000€ iva excluído deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando sexa requirido polas disposicións vixentes. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanqueidad da obra, dispoñibilidade de terreos e necesidade ou non de autorizacións sectoriais así como as mesmas de ser necesarias .

36.2 Publicidade dos contratos menores.

A licitación dos contratos menores, calquera que sexa a súa contía, poderá ser obxecto de publicidade no perfil de contratante. En tal caso, o prazo para a presentación de proposicións non poderá ser inferior a cinco días hábiles, a contar desde o seguinte á publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante.

No anuncio identificarase o obxecto do contrato e as prestacións que o integran, os criterios de adxudicación, e calquera circunstancias que haxan de terse en conta durante a execución do mesmo.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Nestes supostos, o servizo proponente do contrato remitirá ao servizo de Secretaría o expediente con obxecto de realizar a citada publicidade no perfil de contratante.

36.3 Expediente para contratación menor / proposta gasto menor

O expediente deberá abarcar a totalidade do obxecto do contrato, sen que a celebración de contratos menores poida supoñer, en ningún caso, infracción da prohibición de fraccionamento indebido do obxecto contractual, co fin de eludir os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que deberían empregarse de non ter lugar o fraccionamento.

A natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse co contrato menor, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, deberán ser determinadas con precisión na Memoria xustificativa, debendo o obxecto do contrato ser determinado e abarcar a totalidade das necesidades previsibles.

Documentación do expediente de contratación do contrato menor:

a) Memoria xustificativa do contrato onde se fará constar, entre outros, o obxecto do contrato xustificando que non se está alterando o mesmo co fin de evitar a aplicación dos limiares do art. 118.1 LCSP (inferior a 40.000 € para obras; inferior a 15.000 € para servizos e subministracións, IVE excluído), a xustificación da necesidade do contrato, as especificacións técnicas da prestación, a xustificación do procedemento, o órgano de contratación, o valor estimado, o orzamento do contrato e aplicación orzamentaria, o prazo de duración ou execución do contrato, o lugar de prestación, o responsable do contrato, o prazo de garantía ou xustificación do seu non establecemento, a forma de pago do prezo e as empresas propostas para cursar invitación ou a proposta para adxudicación directa, así como cal é a finalidade do tratamento dos datos persoais que vaian ser cedidos ao contratista, en caso que proceda.

Nos contratos de obras de máis ou menos 5000€ iva excluído deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando sexa requirido polas disposicións vixentes. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra , dispoñibilidade de terreos e necesidade ou non de autorizacións sectoriais así como as mesmas de ser necesarias .

(Modelos Anexo I e II instrucción anexa a bases de execución do orzamento municipal).



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

b) As memorias xustificativas serán remitidas á intervención aperturando un trámite de RC que se lle delega e realizado no seu caso o RC será devolto ó tramitador polo departamento de intervención .

c) **Solicitud da oferta** remitida a a/s empresa/s con aptitude para a execución do contrato. (Modelo Anexo III instrucción anexa a bases de execución do orzamento municipal).

d) **Declaración responsable/oferta del contratista.** (Modelo Anexo IV, instrucción anexa a bases de execución do orzamento municipal según tipo de contrato remitir por sede electrónica Concello)

A empresa deberá realizar unha declaración responsable na que poña de manifesto que o asinante ostenta a representación da entidade, que a entidade ten capacidade de obrar, solvencia e conta coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, que non está incurso en prohibicións para contratar e que cumpre coas obrigacións establecidas na normativa vixente en materia laboral, medioambiental, social, de protección de datos personales e de seguridade da información.

e) **Proposta contratación** verificando previamente que está o corrente das obrigas con facenda estatal, municipal e coa seguridade social , tras cumprimentar o expediente cós documentos anteriormente relacionados, faise proposta de contratación asinada por Técnico de Departamento e Concelleiro de área (quedarán en expediente TEDEC contratación menor cubertos todos os campos sinalados con xml datos necesarios para facilitar remisión contratos menores a Rexistro de contratos, Consello de contas e Portal de transparencia)

Acórdase considerar gastos menores e tramitar como proposta de gasto menor os contratos de obras, servizos e subministracións cuxo valor estimado non exceda de 5000 euros para obras IVE excluído e 3.000 euros para servizos , subministracións e outros , IVE excluído, **Documentación necesaria para gastos inferiores a 3.000 euros iva excluído para gastos menores en servizos e subministracións e 5000 iva excluído para gastos menores obra :**

Para estes contratos menores asimilados ao concepto proposta de gasto menor sempre que non sexan pagados a través do sistema de caixa fixa ou similar, só serán necesarios os documentos

a) Anexo II (Memoria xustificativa Anexo II instrucción anexa a bases de execución do orzamento municipal asinada por Técnico departamento e Alcalde verificarase que o proposto para contratación está ao



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

corrente das súas obrigacións coa seguridade social e coa facenda estatal e municipal de Carral)

b) (RC), sen prexuízo de que a área xestora estime necesario a incorporación ao expediente de calquera dos restantes e a especialidade en obras . Realizada a RC devolverase por intervención á área correspondente para execución do gasto pretendido.

Quedarán en expedientes TEDEC contratación menor cubertos todos os campos sinalados con xml para facilitar remisión contratos menores a Rexistro de contratos, Consello de contas e Portal de transparencia

Excepcións á aplicación das normas xerais de preparación e adxudicación do contrato marcadas nesta base conforme á normativa vixente

- Contratos de servizos sanitarios de urxencia (art. 131.1.3 LCSP)
- Actividades docentes realizadas por persoas físicas (cursos de formación, seminarios, conferencias, e similares (art. 310 LCSP)
- A subscrición de publicacións e acceso a bases de datos (DÁ 9a LCSP)
- Contratos de servizos complementarios dun contrato menor de obras (art. 29.7 LCSP)

Non será necesaria Memoria xustificativa naqueles contratos cuxo pago se verifique a través do sistema de anticipos de caixa fixa ou outro similar para realizar pagos menores conforme ao regulado na Base 32ª das bases de execución do orzamento municipal .

36.4 Execución e pago do contrato menor

En todos os contratos menores, con independencia da súa contía, o responsable do contrato deberá supervisar a correcta execución do contrato e adoptar as medidas necesarias co fin de garantir a realización da prestación.

Para estes efectos, deberá verificar que o contrato se executa nas condicións establecidas e que se cumpren os prazos parciais ou outras condicións que foron ofertadas polo contratista.

Ademais, deberase esixir ao contratista o cumprimento da normativa de protección de datos persoais, durante toda a execución.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

36.5 Publicación da información relativa aos contratos menores

Nos 10 primeiros días seguintes á finalización de cada trimestre natural, formarase en Secretaría relación con información relativa aos contratos menores de todo tipo de contías que subscribíse no trimestre anterior.

A información para fornecer será a seguinte: obxecto, duración, o importe de adxudicación co IVE independente, e a identidade do adxudicatario.

Con esta información procederase a:

36.5.1 A publicación trimestral de todos os contratos menores no Portal de Transparencia-

.

36.5.2 A publicación no Perfil de Contratante dos contratos menores, salvo aqueles de valor estimado inferior a 5.000 €, sempre que o sistema de pago fose o anticipo de caixa fixa. (art. 63 LCSP).

36.5.3 Remisión anual a Consello de Contas , salvo aqueles de importe inferior a 5.000 €, sempre que o sistema de pago fose o anticipo de caixa fixa (art. 335.1 LCSP).

36.5.4 Remisión anual ao Rexistro Público de Contratos dos contratos menores, salvo aqueles de importe inferior a 5.000 €, IVE incluído, sempre que o sistema de pago fose o anticipo de caixa fixa (art. 346 LCSP).

Carral, asinado dixitalmente na data e hora que figura a marxe

O Alcalde

Francisco Javier Gestal Pose